

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 14 DE FEBREIRO DE 2017

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día catorce de febreiro de dous mil dezasete, reúnense os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas e catro minutos.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna.Gloria M^a Prada Rodriguez, D.Iban Torres Rodríguez, Dna. M^a Pilar Espinosa Novelle, D.José Luis Losada Fernández, Dna.Marina M^a Douton Rajo.

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: Dna. M^a Pilar López Martínez, Dna. M^a Alicia I. Cadarso Palau, Dna. M^a José Vega Buján, D.Emilio José Sánchez Iglesias, D.Víctor López Mateo.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. M^a Julia Rodríguez Barreira, D. Emilio Ivan Vázquez Rodríguez, Dna. M^a Purificación Argiz Quintas, D. Francisco José Cela Rodríguez, D. Manuel Jesús López Sánchez.

Grupo municipal de Esperta Monforte: Dna. M^a Isabel García Díaz.

Interventora acetal.: Dna. María I. Buján Arias.

Secretario: D. José M^a Baños Campo, que dá fe do acto.

O Sr.Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día.

1. ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO 26 DE DECEMBRO DE 2016.

Non hai ningunha observación respecto ao borrador remitido coa convocatoria. Sometido a votación, o Pleno por unanimidade acorda aprobar a Acta da sesión ordinaria da Corporación municipal do 26 de decembro de 2016.

2. DACIÓN DE CONTA DA CONSTITUCIÓN FORMAL E COMPOSICIÓN DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO E CONTROL DOS ACORDOS PLENARIOS APROBADOS.

Acordada a creación desta Comisión polo Pleno municipal en sesión do 28/11/2016, dáse conta a efectos de coñecemento polo Pleno municipal, e para que quede constancia, do seguinte que figura na acta da primeira sesión da Comisión:

"CONSTITUCIÓN FORMAL DA COMISIÓN, CREADA POR ACORDO DO PLENO MUNICIPAL DO 28 DE NOVEMBRO DE 2016.

En cumprimento do acordado polo Pleno municipal, visto o informe de Secretaría do 12/12/2016 e as comunicacións dos diversos Grupos, *queda constituída formalmente como Comisión Informativa Especial a Comisión de seguimento e control dos acordos plenarios aprobados*, coa seguinte composición:

Presidente: D.José Tomé Roca, Alcalde, do Grupo municipal Socialista, como Presidente nato das Comisións Informativas.

Membros titulares:

- Do Grupo municipal Socialista: Dna. Gloria M^a Prada Rodríguez, D. Iban Torres Rodríguez, D.José Luis Losada Fernández.
- Do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: Dna. M^a Pilar López Martínez, Dna.M^a Alicia I. Cadarso Palau, Dna.M^a José Vega Buján.
- Do Grupo municipal do Partido Popular: Dna. M^a Julia Rodríguez Barreira, Dna. M^a Purificación Argiz Quintas, D. Francisco José Cela Rodríguez.
- Do Grupo municipal de Esperta Monforte: Dna. M^a Isabel García Díaz.

Membros suplentes ou substitutos/as:

- Do Grupo municipal Socialista: Dna. M^a Pilar Espinosa Novelle, Dna. Marina M^a Douton Rajo.
- Do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: D. Emilio José Sánchez Iglesias, D. Víctor López Mateo.
- Do Grupo municipal do Partido Popular: D. Emilio Iván Vázquez Rodríguez, D.Manuel Jesús López Sánchez.”

O Pleno queda informado.

PARTE RESOLUTIVA

3. CARÁCTER ORDINARIO DA SESIÓN.

Na Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos ditaminouse favorablemente o carácter ordinario desta sesión, ao non terse celebrado a correspondente a xaneiro de 2017, na data ou marxe temporal acordados ao inicio do mandato.

O Pleno, por unanimidade, acorda dito carácter ordinario, ratificando a convocatoria que dese modo fixo a Alcaldía.

4. MOCIÓN, INSTADA POLA COMISIÓN PROMOTORA DA INICIATIVA, PARA A ADOPCIÓN DUN ACORDO MUNICIPAL DE APOIO Á INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR NO PARLAMENTO GALEGO DA “CORRESPONSABILIDADE PARENTAL E DAS RELACIÓNIS FAMILIARES NO CESE DA CONVIVENCIA”.

Non houbo pronunciamento formal sobre esta moción na Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. Vista a moción e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A Convención sobre os Dereitos do Neno, proclamada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de Novembro de 1989. e ratificada polo Reino de España o 30 de Novembro de 1990, obriga aos Estados a respectar o dereito dos nenos a manter relacions persoais e contacto directo con ambos os dous proxenitores de modo regular.

A igualdade real e efectiva entre homes e mulleres en todos os ámbitos da vida é unha constante nos países democráticos e un obxectivo primordial na construción dunha sociedade máis xusta e igualitaria.

Na actualidade miles de persoas en Galicia ou no estado, especialmente nenos e nenas, vense afectados por graves problemas tras a separación ou divorcio da parella debido, entre outras razóns, ó separación tamén dos nenos do seu pai ou da súa nai, incluída a súa familia extensa e as relacions sociais dela derivadas. Estimase que ao redor da metade dos matrimonios ou relacions de parella que se contraen rematan, antes ou despois, nunha separación, polo que a amplitude social deste problema é enorme, así como a transcendencia no futuro persoal educativo e formativo dos menores, onde a perda inxustificada dun dos pais supón un drama que acaba producindo desequilibrios ernacionais que arrastrará na súa adolescencia e na vida adulta.

Nestas rupturas non está garantido un dos dereitos elementais de nenos e nenas: o de continuar relacionándose dun xeito real cos seus pais e nais dunha forma igualitaria e efectiva. Así o entenderon no País Vasco, Navarra, Aragón, Cataluña e Valencia onde lexislaron a favor da corresponsabilidade parental nas separacións e divorcios. De igual xeito poderíamos falar de países europeos ou do mundo onde continuamente avanzan cara este tipo de normativas. Ademais, socialmente, as enquisas de opinión publicadas sinalan que a sociedade actual acepta e se posiciona maioritaria e claramente a favor da "corresponsabilidade parental", mesmo áinda en ausencia de acordo entre os seus pais e nais.

A lei favorecerá tamén, como así o demostran o número familias que adoptan a corresponsabilidade en comunidades autónomas con este tipo de lexislación, ese cambio social que todo o mundo acepta como deseable. É transcendental o que supón para a formación persoal de nenas e nenas a implicación dos seus pais e nais no seu coidado: a educación das nenas e dos nenes é cousa de todos.

Lonxe de garantir o exercicio dos dereitos e deberes, a falta de corresponsabilidade incentiva o conf lito no seo da familia, provocando a desaparición dun proxenitor na vida dos seus fillos e dificultando enormemente a posibilidade de que a separación poida significar unha oportunidade real para refacer a vida das persoas adultas e ao mesmo tempo normalizar e harmonizar a vida dos menores coas súas nais e pais.

Polo exposto, o Pleno desta Corporación municipal, na súa obriga de velar polo mellor interese de nenas e nenos e por reivindicar e defender os dereitos e obrigas civís das persoas adultas para cos seus fillos e fillas, por unanimidade adopta o seguinte

ACORDO

1. Apoiar o traballo a realizar no Parlamento Galego para que, a través da Proposición de Lei presentada por esta Iniciativa Lexislativa Popular e da súa tramitación, coa achega dos distintos grupos políticos, se lexisle a favor da Corresponsabilidade Parental tras o cese da convivencia, como o mellor e maior garante do interese superior de nenas e nenos.
2. Comunicar ao Goberno Galego, á Xunta de Galicia, o acordo favorable tomado por esta corporación.
3. Defender e apoiar este acordo en calquera outra institución na que se participe.
4. Dende o ámbito de responsabilidade municipal, esta corporación comprometerase a transmitir os valores de igualdade e de corresponsabilidade parenteral a todos os seus órganos e moi especialmente na área de familia, igualdade e na de servizos sociais.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

En primeiro lugar, o Sr. Alcalde dálle a palabra, por tempo de seis minutos, a D. Manuel López Martínez, representante da Comisión Promotora da Iniciativa, que instou esta moción, segundo o previsto no art. 10º do Regulamento de Participación Cidadá deste Concello.

Dito representante da Comisión Promotora agradece a posibilidade de defender ante o Pleno esta Iniciativa Lexislativa Popular. Pártese do artigo 92 do Código Civil, para que se modifique. Deputados do BNG no Congreso pediron modificalo, outros pasos se teñen dado dende a nosa terra. O Congreso do PP do 11 e 12 de febreiro estivo a favor da corresponsabilidade. A favor tamén diversas Comunidades Autónomas – Valencia, Cataluña, Navarra, Aragón, País Vasco- e partidos que o apoiaron – Compromís, PAR, PP, PSOE, CiU, PNV-. É un abano que mostra que non se trata de facer unha lei conservadora. O coidado dos fillos non é de dereita, esquerda ou centro. Sería un punto de entendemento nais/país no coidado dos fillos, para diminuir a conflitivididade. Algunha nai tamén está apartada da custodia dos fillos. Ten habido cambios non últimos anos, cun traballo de moitos compañeiros, de políticos, de asociacións, de xuíces. En Galicia coordina o traballo a Asociación de Nais e Pais Separados. Hai exemplos de aprobación dunha norma así en Francia –de forma unánime- e en Brasil. A Comisión de Igualdade do Consello de Europa instou en 2015 aos Estados a que inclúan a corresponsabilidade parental nas súas normas. É a resposta da sociedade a unha necesidade. É o dereito dos fillos. Hoxe, un xuíz non dá a custodia compartida se non hai acordo dos pais, dálle a custodia a un deles, mesmo contra o informe de mediación familiar. Os violentos, os que pasan, eses non son merecedores, pero si o son os que están no día a día dos fillos. Estes son merecedores da súa aportación á formación e á vida dos fillos. O paso inicial dos lexisladores é a premisa

para as sentenzas. Presentámonos ante esta Corporación por un apoio decidido á Iniciativa Lexislativa Popular de custodia compartida.

A continuación, prodúcense as quendas ordinarias dos distintos Grupos municipais:

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que é un pracer escoitar esta iniciativa. Hai unha problemática social e a sociedade vai por diante das leis. Completamente a favor da corresponsabilidade parental. A cesación da convivencia non debe ser motivo para o sufrimento dos fillos. Hai que protexer aos nenos e nenas. Voto a favor.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que agradece e felicita á Comisión Promotora desta Iniciativa Lexislativa Popular e anuncia o apoio á súa proposta. Hai que priorizar o interese dos menores. Ten repercusión no ámbito familiar e na sociedade, de aí a importancia da proposta e únimonos a ela. Que se favoreza o consenso familiar cun cambio social na liña desta iniciativa, se priorice a corresponsabilidade no ámbito xudicial e se acade un resultado favorable no Parlamento de Galicia. Reiterar que estamos a favor.

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que di que tamén anuncian o voto a favor desta iniciativa. Este voto non condiciona a outros membros do BNG noutras Concellos, e no Parlamento, estes serán os que entren no debate concreto. Voto a favor, como dixemos.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que felicita aos propoñentes da moción. Se na sociedade, debe haber igualdade básica, esta debe chegar a outras relacóns humanas, como as que hai na familia. Isto incide en algo tan sensible como os menores, que non poden decidir por si mesmos. Estamos de acordo e os puntos concretos irán ao debate parlamentario. O Grupo de goberno estamos por deixar un mundo mellor que o que atopamos.

5. APOIO, A SOLICITUDE DA ASOCIACIÓN AMARCAN, CONTRA O MALTRATO DE ANIMAIS DOMÉSTICOS E SALVAXES EN CAUTIVIDADE.

Non houbo pronunciamento formal sobre este asunto na Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. Vista a solicitude efectuada e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“O Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

O apoio da Corporación do Concello de Monforte contra o maltrato de animais domésticos e salvaxes en cautividade”.

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

En primeiro lugar, o Sr. Alcalde dálle a palabra, por tempo de seis minutos, a Dna. Lorena González Blanco, voceira da Asociación AMARCAN, que instou este acordo, segundo o previsto no art. 10º do Regulamento de Participación Cidadá deste Concello.

Dita representante da Asociación AMARCAN di que é a presidenta e portavoz da Asociación e está aquí para solicitar tódalas medidas necesarias en favor dos animais. Cita a lei de protección dos animais, na que se especifica que lle compete ao Alcalde no ámbito do municipio. A solución deste Concello para a recollida de cans vagabundos ten o problema de vir dende Xinzo a por eles e non haber un lugar adecuado de espera. A empresa que o fai non coloca microchips nin controla a natalidade. Hai que cumplir coa lei e co sentido común. Máis que solucións, son parches. É necesaria unha normativa rigorosa. Para os animais abandonados, está o tema do albergue e de quen corre cos posibles danos. O Concello debe poñer medidas, en asuntos como os cans de caza que non son cans de compañía ou como as colonias de gatos. Están tamén outros animais, e os dos espectáculos. Poñémonos a disposición do Concello. Dende que nos constituímos, estamos desbordados. Solicitamos unha normativa posta ao día e que se cumpra.

A continuación, prodúcense as quendas ordinarias dos distintos Grupos municipais:

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que agradece a participación no Pleno e que se estenda. Dito iso, teríamos gustado que se tivese aportado o que se quería solicitar. Non puidemos discutir a iniciativa porque non a coñeciamos. Benvidos, aquí estamos para escuchar, pero facilítesenos o traballo.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que felicita á Asociación AMARCAN pola exposición e polo traballo. Nós fixemos un rogo sobre as colonias de gatos, na liña do que se formula. O que vemos neste punto é un apoio contra o maltrato de animais. Estamos a favor de medidas contra iso. A prioridade é unha normativa municipal rigorosa e revisar un contrato insuficiente. Imos apoiar o traballo da Asociación.

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que felicita á Asociación, por terse constituído e por vir visibilizarse. O voto é a favor. Precisamos unha normativa da que carecemos. Hai que agradecer que se defenda esa necesidade.

Do Sr. Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que di que tamén van apoiar esta iniciativa en contra do maltrato animal. Felicitar á Asociación por constituirse, é bo que haxa quen exprese estas demandas. En canto a quen traballa actualmente para o Concello, fai o mesmo que a asociación que antes actuaba dende Lugo. Un sistema mellor require un ámbito máis global.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que van votar a favor. Este Grupo trouxo a este Pleno unha moción sobre animais en cautividade. Daquela, os outros Grupos

abstivéronse ou votaron en contra. Están ben presentadas as queixas, entendo que o que se quere é unha normativa adecuada.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que a iniciativa de Esperta Monforte era sobre circos e este Grupo recordou a normativa sobre eles. O desta Asociación de hoxe é que se regule polo Concello a recollida de animais, as colonias de gatos, os animais abandonados. Non é igual que o de Esperta, que tiña unha normativa específica. Que se lle dea participación a AMARCAN na normativa que pide.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que votan a favor de elaborar unha normativa municipal que recolla o que se di. Recórdalle á portavoz de Esperta Monforte que a súa moción sobre Monforte libre de circos con animais, foi ao Pleno do 01/02/2016 e o BNG votou a favor, o PSOE e o PP en contra. Entendo a solicitude de elaborar unha normativa dando voz á Asociación.

Do Sr. Alcalde, que di que o que se vai votar é o que está na orde do día. Normativa hai suficiente. Estase traballando dende a Deputación para unha solución de ámbito provincial. Hai que esperar a ver que dá de si iso. O que figura na orde do día é o que se vota.

(Dna. Pilar López ten dúbidas sobre o que figura na orde do día, puídose pedir o texto do que solicitaban. Dna. Maribel García fai a proposta de adiar isto ao próximo Pleno e hoxe non votar. Dna. Julia Rodríguez propón que se integre a orde do día co que se pediu aquí, e di que se só queda no apoio da Corporación, traeremos unha iniciativa).

6. ADHESIÓN AO CONVENIO ENTRE A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) E AS EMPRESAS SUBMINISTRADORAS DE ENERXÍA PARA A PROTECCIÓN DAS PERSOAS E FAMILIAS EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE OU URXENCIA SOCIAL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA A TRAVÉS DA COORDINACIÓN COS SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS.

(No debate deste asunto, auséntanse e reincorpóranse D. Iban Torres Rodríguez e Dna. Maribel García Díaz).

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“A FEGAMP e as empresas ENDESA, GAS NATURAL FENOSA, IBERDROLA E VIESGO, asinaron o 18 de xaneiro de 2017 un convenio para a protección de persoas e familias en situación de vulnerabilidade ou urxencia social.

Dito convenio prevé a adhesión dos Concellos para a aplicación do convenio a través dos Servizos Sociais municipais.

Considerando dita adhesión necesaria e conveniente,

O Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

Adherir o Concello de Monforte de Lemos ao *CONVENIO ENTRE A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) E AS EMPRESAS SUBMINISTRADORAS DE ENERXÍA PARA A PROTECCIÓN DAS PERSOAS E FAMILIAS EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE OU URXENCIA SOCIAL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA A TRAVÉS DA COORDINACIÓN COS SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS.*”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que están a favor.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di están por subscribir este convenio en pro das familias que poden quedar sen subministración eléctrica.

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que di que están a favor, pola protección a persoas en situación de vulnerabilidade.

Do Sr. Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que di que están a favor. Contamos tamén coa partida de emerxencia enerxética do orzamento.

7. CESIÓN DO INMOBLE DA AVENIDA DE GALICIA, Nº 77, PARA COMISARÍA DE POLICÍA.

Polo Sr. Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos.

Tralas intervencións regulamentarias, o asunto queda sobre a mesa.

No debate habido antes de que o asunto quedase pendente, producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que segundo o que se dixo na Comisión Informativa, isto é un primeiro paso. Dúbidas que ten: O arranxo será por conta do Ministerio do Interior? A cesión é indefinida? Hai un prazo e unha posible reversión no tempo? Este Concello ten manifestado carencias en locais. Este edificio podería ter moitas prestacións. Agás que teñamos outros locais, non vexo o de regalar este ao Ministerio do Interior, e non sei por que se rexeita o de Duquesa de Alba, onde daría lugar a medidas preventivas. Precisa a policía ese

grandísimo edificio? Ímonos abster nesta vontade que se propón, é regalar un local privilexiado.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que propón deixar o asunto sobre a mesa, sen prexuízo do que fose conveniente sobre este edificio. En calquera caso, non se dignifica a rúa Duquesa coa policía alí, senón regulando e controlando que non sexa unha zona marxinal. O que se debate é se este que se trae é o local axeitado. Isto é unha declaración de intencións. Non é un ben patrimonial, só o solo está rexistrado. Este soar foi doadoo no seu día polo Dr. López Suárez para sanidade. Se hai limitación de usos, é un problema para a cesión.

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que di que descoñecían o que acaba de dicir a portavoz do PP. Se existe esa doazón condicionada, é un contrasentido votar isto. Se é así, é prudente agardar.

Do Sr. Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que di que máis alá doutras consideracións, hai que axilizar o da Comisaría de Monforte. Temos menos de 20.000 habitantes, pode que o Ministerio do Interior quite a policía. Canto antes, mellor, ligar a policía a Monforte. Parece que non lles gustou o sitio de Duquesa de Alba. Hai un novo escrito en 2016, respecto ao edificio que en 2015 reverteu da Xunta. No seu día cedeuse o uso ao Estado e este transferiuño á Xunta. O 31 de agosto de 2016, o Comisario de Monforte solicita este inmoble. No primeiro Pleno deste ano, avanzamos coa vontade de cesión. Igual que no caso anterior de Duquesa, que foi a Pleno tres veces. Dille á portavoz de Esperta Monforte que a cesión é indefinida, pero con reversión ao Concello se non se cumple o destino do inmoble. Dille á portavoz do PP que as doazóns non condicionan, como as expropiacións. Dálle sobre isto a palabra ao Sr. Secretario.

Do Sr. Secretario, que explica as características da nota simple rexistral coa que se conta, na que non figuran cargas. Efectivamente este acordo ainda non sería o de cesión, que ten que cumplir o que prevé a normativa para iso, pero nada impide que se adopte coa característica de expresar unha vontade corporativa municipal.

De Dna. Maribel García Díaz, que recorda o da escola de enfermería de Lugo, que foi unha doazón condicionada. Non sei neste caso.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que hai outros exemplos, como o do Luis Bodegas. Le o escrito que entrou en setembro en 2016. Temos outro Pleno o 27 deste mes. Reiteramos a petición de que quede sobre a mesa. Non estamos nunha situación de risco respecto á Comisaría de Policía, non me gusta que o Alcalde insista niso.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que debería este punto conseguir unanimidade. Podemos esperar quince días, ou supeditar a vontade que se propón a que teñamos a información necesaria. O Ministerio podía ter aceptado Duquesa de Alba. Unha votación non unánime non é conveniente.

Do Sr. Alcalde, que di que o acordo é iso, a vontade. Se aparece algo que o impida, non se segue co expediente. Deixalo pendente quince días, non é problema. O perigo de supresión da Comisaría transmitíomos a propia policía. Oxalá estivese funcionando en Duquesa. (Aquí di o Sr. Alcalde que quede o asunto sobre a mesa, coa aquiescencia da Corporación).

8. TARIFAS URBANAS DE TAXI DE MONFORTE DE LEMOS

Polo Sr. Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“As tarifas actualmente vixentes para o servizo de taxi no municipio de Monforte de Lemos son as que figuran no B.O.P. de Lugo nº 237, do 16 de outubro de 2015, nun anuncio que di o seguinte:

“Aprobadas polo Pleno municipal o 27 de xullo de 2015, e autorizadas pola Dirección Xeral de Comercio da Xunta de Galicia o 22 de setembro de 2015, tralo informe favorable da Comisión de Prezos de Galicia desta última data, fanse públicas para xeral coñecemento as tarifas urbanas de taxi de Monforte de Lemos:

- Baixada de bandeira: 3,60 €.
- Prezo por kilómetro: 1,05 €. Cunha carencia de 1.500 metros.
- Suplemento por equipaxe: 0,50 € por vulto. A partir do segundo vulto.
- Suplemento por nocturnidade (das 22:00 ás 06:00 horas dos días laborables) e por festividade (domingos e festivos do calendario laboral, máis o 24 e o 31 de decembro a partir das 20:00 horas): 20% sobre a tarifa base.
- Tarifa de suplemento fixa: 10€. Vixxe concertado de carácter especial, con prezo acordado previamente á realización do servizo.

O importe das tarifas está calculado cun 10% de IVE incluído.”

Con posterioridade (rexistro de entrada no Concello do 25 de novembro de 2015, D.Oscar Álvarez Rodríguez, en nome e representación da ASOCIACIÓN DE TAXIS DE MONFORTE DE LEMOS, presenta unha nova proposta de tarifas, acompañada dun estudio económico xustificativo, para que fose aplicada a partir do 01/01/2016.

A Xunta de Goberno Local en sesión do 7 de decembro de 2015, acordou trasladar ao Consello Galego de Transportes dita proposta de tarifas, o que foi realizado mediante oficio do 14 de decembro de 2015 (rexistro de saída do 15/12/2015).

Mediante oficio do xefe da sección de apoio técnico administrativo da Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia (rexistro de entrada no Concello do 17/01/2017) remítense a certificación na que consta que a Comisión Especial de Transporte Público en Vehículos de Turismo do Consello Galego de Transporte, na súa sesión do 21 de decembro de 2016, “*acordou informar favorablemente por unanimidade, as tarifas urbanas de taxi do Concello de Monforte de Lemos, manifestando a vogal representante dos consumidores e usuarios a reticencia á existencia de suplementos os días 24 e 31 de decembro, non sendo días festivos*”.

Respecto á reticencia expresada, cabe recordar que no acordo anterior vixente, o Concello xa restrinxira os suplementos do 24 e 31 de decembro para ser aplicados a partir das 20 horas, polo que parece razonable manter ese criterio.

Por outra banda, o artigo 12 da Lei 13/2015, do 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, modificou o artigo 40.4 da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte en vehículos de turismo de Galicia, de tal maneira que “*as tarifas de aplicación aos servizos urbanos de taxi...serán tamén de aplicación aos servizos interurbanos, no tramo que discorra polo termo municipal do concello de orixe do transporte*”. Deixa con iso de ter sentido calquera cuestión relacionada coa delimitación de cascos urbanos.

En base á proposta que presenta a Asociación de Taxis de Monforte de Lemos e tendo en conta o exposto, o Pleno municipal adopta por unanimidade o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar as seguintes tarifas para os servizos urbanos de taxi de Monforte de Lemos:

Tarifa 1. Aplicable en días laborables de 6:00 a 22:00 horas.

- Percepción mínima : 3,60 €. (Inclúe 1.500 metros ou tempo equivalente).
- Prezo por kilómetro recorrido: 1,05 €.
- Hora de espera: 16,00 €.

Tarifa 2. Aplicable en días laborables de 22:00 a 6:00 horas de luns a venres, sábados dende as 15:horas, domingos e festivos durante as 24 horas, así como o 24 e o 31 de decembro a partir das 20:00 horas.

- Percepción mínima : 4,50 €. (Inclúe 1.500 metros ou tempo equivalente).
- Prezo por kilómetro recorrido: 1,26 €.
- Hora de espera: 19,00 €.

Suplementos tarifas 1 e 2.

- Ocupación de maletero: 0,50 € a partir do segundo vulto. (Agás cadeiras de discapacitados e de nenos).
- Traslado de cans e gatos. 1,00 €. (Agás cans-guía autorizados).

O importe das tarifas inclúe o IVE correspondente.

De acordo co art. 40.6 da Lei 4/2013, as tarifas aplicables serán visibles para a persoa usuaria desde o interior do vehículo, con indicación dos suplementos e das tarifas especiais que proceda aplicar en determinados servizos.

SEGUNDO.- As tarifas que se aproban serán tamén de aplicación aos servizos interurbanos, no tramo que discorra polo termo municipal do Concello de Monforte de Lemos, se a orixe do transporte está dentro de dito termo municipal.

TERCEIRO.- Remitir as tarifas, como requisito para a súa aprobación definitiva, á Comisión de Prezos de Galicia, por estar incluídos os de “transporte urbano de viaxeiros” no anexo 2 (prezos autorizados de ámbito autonómico) do Real Decreto-lei

Pleno da Corporación

Sesión ordinaria do 14.02.2016

7/1996, do 7 de xullo, sobre medidas urxentes de carácter fiscal e de fomento e liberalización da actividade económica.

CUARTO.- As tarifas, definitivamente aprobadas, serán obxecto de publicación no Boletín Oficial de Provincia e figurarán na páxina web do Concello, para xeral coñecemento.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte; de Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP; de Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, e do Sr.Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que coinciden en limitarse a dicir que están a favor.

9. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE A NECESIDADE DE ELABORAR E APROBAR UNHA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE MONFORTE.

(No debate deste asunto, auséntanse e reincorpóranse Dna. Gloria Prada Rodríguez, Dna. Marina Douto Rajo e Dna. Pilar Espinosa Novelle).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

1º É sabido que o Concello de Monforte, ten aboadado o longo dos últimos anos facturas correspondentes a contratos e servizos relacionados coa elaboración da RPT e catálogos de postos de traballo do Concello por importe de **135.672'88 €**.

Como ten señalado reiterada xurisprudencia, “*La Relación de Puestos de Trabajo se configura como el instrumento técnico a través del cual se realiza por la Administración la ordenación del personal, de acuerdo con las necesidades de los servicios y con expresión de los requisitos exigidos para su desempeño, de modo que en función de ellas se definen las plantillas de las Administraciones Públicas y se determinan las ofertas públicas de empleo. Por ello, corresponde a la Administración la formación y aprobación de las Relaciones de Puestos de Trabajo lo que, como es natural, es extensivo a su modificación. Por tanto la confección de las Relaciones de Puestos de Trabajo por la Administración y la consiguiente catalogación de éstos se configura como un instrumento de política de personal, atribuido a la Administración, de acuerdo con las normas de derecho administrativo que son las que regulan tanto el proceso de confección y aprobación como el de su publicidad. Así pues, la relación de puestos de trabajo, incluyendo las modificaciones que en ellas puedan efectuarse son actos propios de la Administración que efectúa en el ejercicio de sus potestades organizatorias. En definitiva a través de ellas se lleva a cabo la ordenación del personal y se perfilan los requisitos para el desempeño de cada puesto de trabajo, constituyendo un mecanismo básico de la organización administrativa ya que al elaborarlas y modificarlas se diseña el detalle de la estructura interna de la Administración con la finalidad de dar cumplimiento de las finalidades que represeta”.*

A día de hoxe o Concello de Monforte segue sen ter aprobada unha Relación de Postos de Traballo. De feito, non fai moito que para que un Policía Local pasase a

situación de segunda actividade, tivo o Pleno que aprobar o Catálogo correspondente, para ese suposto, por carecer este Concello da necesaria Relación de Postos de Traballo, e non atopar o Catálogo que, supostamente debería obrar, de non existir RPT.

Así o fixo constar o Sr. Secretario, en informe de data 12.12.14, “*A Relación de Postos de Traballo (RPT) é o marco de definición e valoración de postos de traballo da Administración Pública. Cando no ano 1986 se implantou o sistema retributivo vixente para os funcionarios da administración local, a través do RD 861/1986, unha D.T. 2ª de dita norma preveu un Catálogo de postos a efectos do complemento específico ata que se dispuxese de RPT. Hai que supoñer que retribuido -como non podería ser de outro modo- o persoal do Concello de Monforte de Lemos segundo esa normativa, debeu haber no seu día un documento tipo Catálogo, que sería o que obrase áinda hoxe en ausencia de RPT, e que serviría para interpretar que no seu seo se cumprise coa Ley 4/2007. Pero non sendo posible atopar dito Catálogo, só por vía dessa suposición, cabería definir transitoriamente o posto que agora nos ocupa ata dispoñer dunha RPT na que se integrase”.*

2º O Concello de Monforte dispón e dispuxo o longo destes anos de técnicos xurídicos perfectamente cualificados para emitir este tipo de informes polos que se veu pagando sistemáticamente a entidades externas.

Para mais despropósito, a Deputación Provincial de Lugo, dispón dun Servizo de Asesoría Xurídica para os Concellos que o soliciten, que comprende entre as súas funcións, o asesoramento en dereito no seu respectivo ámbito competencial, incluíndo expresamente entre outras tarefas “Evacuar informes e ditames fundados en dereito” ou a “emisión de estudios xurídicos de interese para os concellos”. Podendo ser obxeto dese asesoramento gratuito a elaboración da RPT, como ten acontecido no caso de outros concellos da provincia.

De feito, a propia Deputacion ten destacado o aforro que lle ten representado a moitos concellos da provincia, a súa cooperación na elaboración das relacóns de postos de traballo (RPT), considerando os elevados custes que representa a contratación cunha empresa privada.

3º O DOGA de 10.1.2017 publicaba o acordo de aprobación da oferta de emprego público 2016, tomado en Xunta de Goberno Local de 19.12.2016, que contempla:

A)	Personal	funcionario:	(*)	Promoción	internia
Cuerpo	Escala	Categoría	Vacantes	Grupo	
Policía local	Básica	Oficial (*)	1	C1	
Policía local	Básica	Policía	1	C1	
Denominación		Subescala			
Ingeniero técnico industrial	Administración especial	Técnica	1	A2	
Persoal laboral:					
Área o servicio	Denominación	Vacantes	Titulación		
Medio Ambiente	Peón	2	Certificado de escolaridad		
Servicios	Auxiliar electricista	1	Certificado de escolaridad		
Servizos Sociales	Técnico de grado superior	1	Licenciado/a en Psicología, Pedagogía o Psicopedagogía		

Educación	Subalterno	1	Certificado de escolaridad
Conservatorio	Profesor de música	4 (*)	Diplomado o equivalente

Os gastos de persoal de este Concello, están orzamentados para o ano 2017 en 4.137.963 €.

Tanto a Lei 7/85 de Bases de Réxime Local, como a Lei 7/2007 do Estatuto Básico do Empregado Público, establecen que a planificación dos recursos humáns terá como obxectivo contribuir á consecución da eficacia na prestación dos servizos e da eficiencia na utilización dos recursos económicos disponibles mediante a dimensión adecuada dos seus efectivos, a sua mellor distribución formación promoción profesional e mobilidade. A lexislación tamén establece que as Administracións Públicas estructurarán a sua organización a través da relación de postos de traballo.

O Alcalde aproba unha oferta pública de emprego, sen dispoñer de RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO, que permitiría coñecer as verdadeiras disponibilidades e necesidades do Concello.

Para poñer un exemplo: o departamento de urbanismo de Monforte, unha cidade de 19.000 habitantes, sen PXOU e con un plan especial en tramitación conta únicamente con un arquitecto técnico. Nembargantes, temos dado cobertura a outros servizos non tan importantes.

Considerando a importancia da RPT da que carece este Concello.

Considerando o incremento de persoal que se levou a cabo durante os últimos anos, a pesares de non contar con un instrumento que definira as necesidades de persoal en cada servizo.

Por todo o anterior, o Pleno, por once votos a favor (Grupos do PP, do BNG e de Esperta Monforte) e seis votos en contra (Grupo Socialista), adopta o seguinte

ACORDO

INSTAR AO EQUIPO DE GOBERNO A:

1.- QUE DÉ CONTA AO PLENO DA CORPORACIÓN DO ESTADO DE ELABORACIÓN E TRAMITACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DESTE CONCELLO, QUE FOI OBXETO DE CONTRATACIÓN EN NOVEMBRO DE 2012.

2.- DE NON DISPOÑER DA CITADA RPT, SE PROCEDA, COS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO OU DE FORMA GRATUITA A TRAVÉS DOS SERVIZOS DE ASESORAMENTO XURÍDICO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, A ELABORAR A CORRESPONDE RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE MONFORTE.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que son varias as ocasións na que este Grupo ten solicitado a RPT. Fai unha exposición na liña do que figura no texto da moción e explica a proposta de acordo.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que vai reservar a intención de voto. É necesaria a RPT, nós temos solicitado por exemplo a composición do departamento de Urbanismo. Vou esperar a escuchar aos outros Grupos. Parece algo necesario e interesante.

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que di que concordan na necesidade da RPT. Isto xa era obligatorio antes do governo do BNG. Poño en dúbida a cantidad de 135.000 euros. Non toda esa cantidad foi para a RPT. 32.000 foron para a Universidade de Vigo e 58.000 para a empresa que fixo a da Deputación da Coruña, o que fai 90.000 euros. 12.000 euros foron para elaborar o catálogo. Malintencionadamente, introducense outros componentes na cantidad. Dito isto, concordamos e imos votar a favor. Hai un traballo ben feito pola Universidade de Vigo, que se retome ese traballo e non se perda.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que deixando a un lado as cifras, está o que xa foi. É positivo e importante contar con RPT. A intención é abordalo de forma actualizada. Estamos analizando necesidade de persoal en todos e cada un dos servizos. Neste mandato analizamos situación e necesidades, no próximo mandato elaboraremos a RPT. Este equipo de governo recorre aos servizos da Deputación e no seu día faremos o mesmo.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que fai contas do pagado dende 2004. Isto está en mocións que fixemos no seu día. Temos reparos de Intervención sobre contratos. Non se trata de presas, hai necesidade de clarificar servizos e racionalizar persoal. Quedan dous anos de mandato, non son capaces de facelo en dous anos? Oxalá no próximo mandato non sexan vostedes. Non o apracen con argumentos insostenibles.

De Dna. Maribel García Díaz, que di si agora a esta iniciativa. Si a que calquera debe coñecer a RPT e saber as súas responsabilidades. Voto a favor.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que é un documento imprescindible e obligatorio, cun traballo laborioso e complexo. Non se debe tirar ao lixo o traballo anterior ben feito. A escusa do próximo mandato non está ben. Dille á portavoz do PP que no das cantidades, quería distinguir entre catálogo e RPT.

De D. Iban Torres Rodríguez, que lle chama a atención o de imprescindible en quen dilapidou e non fixo a RPT. Levamos ano e medio, o compromiso é para o próximo mandato. Agradezo a confianza implícita en que arranxemos nós en pouco tempo o non feito en moito. O voto é en contra.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que se non se quere a RPT, dígase, pero sen vir con historias antigas. O DOG publicou a Oferta de Emprego Público de 2016, con RPT teríamos visto as necesidades. En Urbanismo, non hai arquitecto, é un departamento infravalorado. Se non se quere abordar, dise, pero non valen escusas coa historia. Non teñen vontade de resolver problemas. Moitas persoas están en precario e sen seguridade. Agradecemos o apoio doutros Grupos. Esperemos que este non sexa outro acordo máis para a Comisión de seguimento. Deixalo para un mandato posterior é irresponsable. (Di o Sr. Alcalde que non más que os anteriores).

10. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE A HUMANIZACIÓN DA RÚA ROF CODINA E O ENTORNO DA GARDERÍA MUNICIPAL.

(No debate deste asunto, auséntanse e reincorpóranse D. Iban Torres Rodríguez, Dna. Alicia Cadarso Palau, Dna. Pilar López Martínez e D. Manuel Jesús López Sánchez).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. A moción di o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.- En xunta de goberno local de 5 de decembro de 2016, aprobáronse as actuacións de renovación da capa de rodadura en 5 vias urbas, cun importe de 43.024 € a incluir no Plan Canon Hidroeléctrico referido as anualidades 2008 a 2010.

Posteriormente, en XGL de 19.12.2016, se modificou dito acordo no sentido de incluir no Plan Canon sinalado, unha actuación consistente na renovación da capa de rodadura na rúa Rof Codina por un importe de 7.497 €, e solicitar á Deputación a súa inclusión no Plan Canon referido ás anualidades 2008-2009-2010.

Fai algúns tempo se ten actuado de modo moi pouco afortunado nas beirarrúas da rua Rof Codina, deixandoas de maneira que son pouco practicables para persoas con dificultades de mobilidade.

Este problema, deberiase resolver pola via da ordenanza que no seu dia propuxo o PP e rexeitou o Alcalde e o equipo de goberno. Solicitábamos que, en tanto non dispoñamos dun PXOU, se establezcan criterios para a execución das obras nas vías públicas, tanto as que se fan a instancias de empresas privadas como as que son promovidas polo Concello ou outras administracións. Se pretendía así, armonizar as vías que se vaian reformando, tomando medidas coordinadas e coerentes respecto dos accesos a vaos, materiales empregados, etc.

É obvio que a rua Rof Codina, precisa dunha actuación mais ambiciosa que lle de continuidade, pero en tanto eso non se leva a cabo, compre dotala dunha capa de rodadura pero non se pode obviar o mal estado que presentan as suas beirarrúas, e as dificultades de accesibilidade que presentan. Trátase de beirarrúas moi estreitas que por

mor dos vaos existentes perden a horizontalidade, permanentemente, dificultando a seguridade para as persoas maiores e moi especialmente o tránsito de persoas en cadeira de rodas ou cadeiras de nenos.

Por tal motivo se interesa que se solicite da Deputación a inclusión no Plan Canon das anualidades 2008-2009-2010, non só a renovación da capa de rodadura da rúa Rof Codina, senón tamén a renovación das súas beirarruas eliminando as barreiras arquitectónicas que presentan. E a tal fin, se remita este acordo á Deputación Provincial de Lugo.

2.- A rúa Rof Codina, precisa unha actuación mais aló, que permita humanizala dando resposta ao problema de estacionamento que afecta aos propios residentes, e aos usuarios da gardería municipal, de tal maneira que atopándose ambas rúas moi próximas, a solución pasa por facer xestións cos propietarios dos solares existentes nas inmediacións, a fin de dispoñer dun maior número de estacionamentos nese entorno e por tanto, facilitar o tránsito de vehículos e persoas e humanizar así ámbolos dous entornos.

Por todo o exposto, este grupo municipal, eleva o Pleno da Corporación a seguinte proposta:

INSTAR O EQUIPO DE GOBERNO:

1º.- A solicitar da Deputación a inclusión no Plan Canon das anualidades 2008-2009-2010, non só a renovación da capa de rodadura da rúa Rof Codina, senón tamén a renovación das súas beirarruas, acomodándoas á normativa sobre accesibilidade e facéndoas accesibles en condicións de seguridade para persoas en cadeiras de rodas. E a tal fin, se remita este acordo á Deputación Provincial de Lugo.

2º.- A facer xestións cos propietarios dos solares existentes nas inmediacións, da rúa Rof Codina e da gardería municipal, a fin de dispoñer dun maior número de estacionamentos nese entorno e por tanto, facilitar o tránsito de vehículos e persoas e humanizar así ámbolos dous entornos.”

Tralas intervencións regulamentarias, o Pleno, por cinco votos a favor (Grupo do PP), seis votos en contra (Grupo Socialista) e seis abstencións (Grupos do BNG e de Esperta Monforte), adopta o seguinte

ACORDO

Non aprobar a moción do Grupo municipal do PP sobre a humanización da rúa Rof Codina e o entorno da gardería municipal.

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que fai unha exposición acorde co que pon a moción. Espero o apoio dos outros Grupos.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que o seu Grupo está sempre a favor destas accións. Está o problema dos garaxes e a súa integración no tráfico. Se non hai beirarrúas adecuadas pola estreiteza da rúa, pensar nun tráfico de único sentido, e tamén en pivotes en lugar de beirarrúas. A favor da humanización, como servizo aos cidadáns.

De Dna. M^a José Vega Buján, portavoz suplente do Grupo do BNG, que di que o problema da rúa Rof Codina é que é unha rúa que non ten saída. Hai dobre sentido de circulación nunha rúa estreita e dobre fila de aparcamentos. As dúas medidas da moción son insuficientes. A solución é poder abrir a rúa e darlle continuidade. Eliminar unha fila de aparcamentos pode axudar. A rúa debería ser de dirección única. Sobre os aparcamentos, hai que ver outros que están próximos. Hai que ser prudentes. Temos dúbidas respecto a esta proposta, solicitamos informes da Policía Local e de Urbanismo sobre ela, antes de decidir. En principio, abstémonos, por prudencia, necesitamos os informes.

Do Sr.Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que di que o planeamento desta zona –a C- foi redactado en 1996 e aprobado en 2000. As obras de saneamento e abastecemento son de 2014. Non vou tocar nisto o que fixo o meu antecesor. Os veciños teñen pedido firme, pero non beirarrúas nin modificar a rúa. A rúa está no Plan do canon da Deputación, para o que primeiro se fixo un proxecto con máis rúas, financiando tamén o Concello, pero despois quedou nunha separata para esta rúa, por querelo así a Deputación, que finalmente decidiu que será o Concello quen contrate a obra. A portavoz do PP acordouse da rúa Rof Codina cando viu o proxecto na Xunta de Goberno e quere ser agora a súa valedora. Oxalá se puidese desenvolver a zona C. As beirarrúas van ter unha redución de altura pola subida da capa de asfalto da rúa. Votamos en contra desta iniciativa, porque é un proxecto aprobado, con financiamento para contratar.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que non é a primeira vez que traen eles a rúa Rof Codina. Se o Alcalde fai algo, que o faga ben. Se actúa así, resolva o problema que non quixo resolver cunha ordenanza. A rúa José de Carabantes quedou mal. Iso de que non cambia o que fixo outro...se o vial aumenta cinco centímetros, unha posible solución é igualalo todo. Non é posible agora un único sentido. Hai que buscar aparcamentos na contorna, pero se non están por iso...

De Dna. Maribel García Díaz, que di sobre que o Alcalde non desfai o feito con anterioridade, que hai que cumplir o que se promete e non é así noutros sitios. Na rúa José de Carabantes, polas presas ou polo que fose, segue o problema e terá que vir ás veces quen desfaga o que non se fixo ben. Hai que mirar a mellor solución a algo que é un problema de difícil solución. Quero votar a favor da humanización, pero é difícil facelo; abstémonos, se non se modifica para facelo doutra maneira.

De Dna. M^a José Vega Buján, que di que históricamente había pendentes e actuacións para corrixilas do equipo de goberno. Agora o problema de estreiteza acentúase coa non uniformidade das beirarrúas polos vaos. A idea é alargar as beirarrúas, pero non se pode nunha rúa estreita con dous sentidos de circulación e dúas

filas de aparcamento. Fixérase en Roberto Baamonde. Determinadas medidas teñen efectos colaterais. Cómpre a reflexión e a opinión da Policía Local e de Urbanismo, hai que escocitalos antes de decidir aquí a mellor solución. Se se mantén a proposta, absterémonos.

Do Sr. Alcalde, que di que comparte gran parte da reflexión do BNG. O efecto chamada aos coches en zona de nenos é un problema. A gardería está a cinco metros do cruzamento do río para chegar a trescentas prazas de aparcamento. Temos o compromiso neste mandato que imos cumplir. O que non é posible é ter unha rúa estreita, con dobre sentido, dobre aparcamento e beirarrúas anchas. O equipo de goberno, no exercicio das súas competencias, executa o seu proxecto.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que o que están formulando é fácil de entender, xa que actúa no vial, mellore no posible as beirarrúas. Estacionamento onde hai nenos? É o caso da Compañía. Os pais queren acceder o máis próximo posible. Hai un soar: só se di que faga as xestións necesarias. Non temos inconveniente en que informe a Policía Local e Urbanismo –non cuestione a titulación, só digo que está infradotado-. Hai unha solución más ambiciosa e unha solución más inmediata. Xa que actúa, que informe quen queira, pero se só se bota unha capa de rodadura sen nada máis, a xente quéixase porque vai non polas beirarrúas.

11. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA RELATIVA Á POSTA EN FUNCIONAMENTO DO PORTO SECO DE MONFORTE.

(No debate deste asunto, auséntanse e reincorpóranse Dna. Gloria Prada Rodríguez e Dna. M^a José Vega Buján).

Polo Sr. Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

As Directrices de ordenación do territorio (Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, aprobación definitiva. DOG. Núm. 36 do 26.02.2011) citan a Monforte de Lemos como sistema urbano intermedio da comunidade autónoma de Galicia, con 4 estratexias fundamentais:

- 1 Impulso de iniciativas de cooperación entre concellos
- 2 Fortalecemento da base produtiva
- 3 Aumento do atractivo urbano
- 4 Articulación da malla viaria mediante a consolidación e mellora dos eixos de acceso ao territorio

No caso particular de Monforte de Lemos cita o seguinte:

Monforte ten un enclave estratégico na rede ferroviaria de Galicia, sobre todo no que se refire a transporte de mercadorías... Este liderado pode apoiarse co desenvolvemento de actividades e funcións vinculadas á dinamización dos activos territoriais da súa contorna. Trátase de propiciar un espazo urbano más atractivo e mellor organizado

Pleno da Corporación

Sesión ordinaria do 14.02.2016

que permita potenciar a funcionalidade de Monforte como centro loxístico, de servizos á producción, sede de iniciativas de dinamización e desenvolvemento, espazo comercial e cultural e como elemento articulador dunha nova oferta turística de natureza para a Ribeira Sacra e nas áreas montañosas próximas do Courel e do Incio.

Pero non rematan aquí as posibilidades de Monforte, xa que o futuro sistema viario de conexión de Galicia con León mediante a autovía Ourense-Ponferrada e a autovía diagonal de Galicia, así como a modernización do trazado ferroviario, orientado preferentemente ao tráfico de mercadorías, fan de Monforte un lugar que no futuro poderá obter vantaxes da súa situación con respecto ao sistema de cidades galego e ao sistema portuario atlántico.

Estamos a falar dun ámbito xeográfico vertebrador da provincia de Lugo e como tal ten que ter un pulo importante nas inversións das administracións públicas con competencias nos ámbitos da rede ferroviaria e do transporte por estrada.

O porto seco de Monforte de Lemos non está en funcionamento, polo que unha inversión pública importante non se está utilizando, coa conseguinte ineficacia na inversión dos cartos públicos.

No mes de decembro do ano 2016 presentase ó Eixo Atlántico un informe sobre o porto seco de Monforte, elaborado polo Catedrático de Infraestructuras dos Transportes Don Miguel Rodríguez Bugarín, Don Fernando González Laxe, Catedrático de Economía Aplicada na Universidade da Coruña e por Carmen López Rodríguez, Presidenta da Federación Galega de Xoves Empresarios e experta en Emprendedurismo que nas súas conclusións enumera, entre outras, as seguintes necesidades:

1º) Modernizar a conexión Monforte-Palencia para permitir a conexión coa Rede transeuropea procedente de Aveiro

2º) Modernización das conexións interiores de Galicia para favorecer o acceso das mercadorías á Monforte.

3º) Diseñar un plan de apoio á industria autóctona e especialmente no sector agropecuario

Por todo o anterior, o Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

1º. Demandar á Xunta de Galicia a inmediata execución das melloras nos accesos do porto seco á estrada N-120 e a dotación ao porto seco dos medios necesarios para o seu funcionamento a través dun operador loxístico.

2º. Instar ó Ministerio de Fomento á mellora da liña ferroviaria de mercadorías Monforte-Ponferrada-León e Palencia e a execución da autovía A-76 Ponferrada-Ourense, unindo as cidades de Ponferrada (León) e Ourense a través do Barco de Valdeorras e Monforte de Lemos.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

Do Sr. Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que di que esta moción foi aprobada na Deputación por unanimidade. Espero aquí o mesmo. En maio de 2016, no fórum do Parador, houbo o compromiso dun estudo. O Porto Seco vai poder funcionar, unha vez adxudicada a depuradora propia, que verte onde non é Rede Natura, aportamos o 50%, o outro 50% a Consellería de Infraestruturas. O estudo ten unha folla de ruta. A Xunta debeu estar neste foro. O estudo financiou o Eixo Atlántico, está feito por persoas das que máis saben de tráfico marítimo e de tráfico ferroviario. A conclusión é que sexa unha plataforma loxística e non un polígono máis. O Porto Seco necesita xestión por quen saiba facela, xorde unha oportunidade co novo Canal de Panamá. Vigo, Marín, Vilagarcía, Ferrol, teñen que atraer tráfico marítimo. Ou facemos isto, ou o Porto Seco non é viable. Temos que convencer á Xunta de Galicia de que traballe nesa liña e ao Ministerio de Fomento respecto á autovía. Espero o apoio de todos vostedes.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que se todo isto fose a realidade, todos felices, pero teño reticencias co futuro do Porto Seco. O que trae a moción é o arranxo dos viais. En Portugal trataron estas cousas doutra maneira e outro foi o resultado.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que coincide en moitas cousas co Alcalde, non co pesimismo da portavoz de Esperta Monforte, serían cartos tirados os da Xunta aquí. Espero que teñamos máis que un mero polígono industrial. O Concello, e non o IGVS, é xa o titular do Porto Seco. Sobre que a Xunta non quixo estar nese foro, a Xunta si estivo e está no importante: accesos, investimento, promoción. O da depuración era un inconveniente para as licenzas, a Xunta tamén o solucionou colaborando co 50%. A Xunta leva anos traballando e investindo. Imos apoiar para seguir no traballo cara á plataforma loxística. A A-76 será cando se aproben os orzamentos, o ano pasado estivo iso paralizado. Isto no que non cre Dna. Maribel, esperemos que sexa unha realidade e un pulo para a nosa comarca.

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que lle di ao equipo de goberno que se cada vez que algo se formula, xa está feito ou o teñen na cabeza, mellor non propoñer nada, como o caso da RPT ou de Rof Codina. O Alcalde xa estivo tamén antes catro anos. Se ao goberno lle vai parecer mal o que propoñemos, mellor non propoñer. O primeiro punto do acordo, xa nós o formulamos o 26 de outubro de 2015, a favor. O segundo punto parécenos ben, a favor, pero con aprobar esta moción non é suficiente. Imos sumar, pero como o Alcalde ten a responsabilidade e debe tomar iniciativas, temos a sensación de que podería estar facendo algo mal.

Do Sr. Alcalde, que lle di á portavoz do BNG que hai que facer o do Concello, non imos suplir a Xunta ou o Estado. Dna. M^a José Vega botou doce anos botándolle a culpa a Nazario Pin, reciba dela un cursiño acelerado. Non nos cabreamos, é cuestión de competencias. Poden instar, pero non obrigar, mire en Ourense os incumplimentos reclamados. Aprobar a moción non é suficiente, pero o de poñer o 50% é de agora,

cando dende 2011 sabíase a carencia de saneamento. O proxecto sectorial non está rematado ata contar co saneamento. Dille á portavoz do PP que o Porto Seco non é do Concello, é do IGVS, o Concello recibiu os viais, pero é do IGVS, igual que o polígono do Reboreda, que tampouco é do Concello. Xa verá quen vende as parcelas.

De Dna. Maribel García Díaz, que di por que é reticente: Fixo a Xunta de Galicia o investimento? E como non fixo o saneamento? Levo anos escoitando que estaba rematado e para funcionar. Oxalá fose eu a única, é un sentimento popular. Se o Porto Seco fose unha realidade, hai moito tempo que o sería. Non vai vender as parcelas, pero recibiu as obras. Esa depuradora non vai dar abasto. Xa veremos se é unha plataforma loxística ou un pseudo-polígono industrial. E estamos ante unha empresa especialista en subvencións e desaparecer.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que son moitos anos esperando o Porto Seco, pero dille á portavoz de Esperta Monforte que non sexa catastrofista. Se non confiamos, pouco podemos esperar. A Sra. Vega botáballe a culpa a Nazario Pin, pero o portavoz actual do PSOE ten feito o mesmo. Os viais do Porto Seco son do Concello. O problema do saneamento do Porto Seco é municipal. Se non fose municipal, por que pon o 50%? A Xunta colabora. Estamos todos interesados en que funcione o Porto Seco. Coincidimos en apoiar esta moción. Lamentar que se polemice e o escepticismo.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que o Alcalde ten unha dobre vara de medir. Se o saneamento non é do Concello, por que o paga? A rúa Leopoldo Calvo Sotelo, o mesmo. Debemos estar todos unidos, tamén difiro de Esperta Monforte, quero pensar en que veña a empresa e empecemos a ver vida no Porto Seco. Rememos todos cara ao mesmo lado en pro da nosa cidade.

Do Sr. Alcalde, que di que o saneamento non é do Concello, era do proxecto sectorial; feito este, si xestionava o Concello. Na rúa Leopoldo Calvo Sotelo, reparouse un colector que rompeu o Concello. No Porto Seco, faltan dous diques por facer, que son cousa do IGVS. É preciso facer o acceso á N-120. O PP empezaba a dicir que era culpa do Concello, non lle imos dar argumentos, pero a licenza non pode ser sen saneamento. Se o Alcalde fose do PP, non poñeríamos a metade que puxemos. Aquí hai un compromiso.

12. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE ESPERTA MONFORTE PARA PEONALIZAR A PONTE MEDIEVAL DE MONFORTE DE LEMOS.

Polo Sr. Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. A moción di o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A ponte medieval de Monforte de Lemos, con 5 séculos ás súas costas constitúe un elemento de gran valor histórico e patrimonial.

A peonalización e posta en valor desta ponte é unha vella aspiración de colectivos ligados á cultura e á defensa do patrimonio.

Nas pasadas eleccións municipais Espertamonte! recollía como un dos compromisos principais do seu programa electoral esta vella aspiración monfortina, que agora se ve avalada no proxecto do Plan especial de Protección do Conxunto histórico artístico presentado en días pasados e onde se recolle o seguinte:

"...a ponte vella elemento de gran valor histórico patrimonial cuxa utilización como nexo rodado sobarda claramente as prestacións do mesmo..." "...constitúe un obxectivo básico do plan especial a peonalización da ponte medieval..."

Estamos seguros que ademáis esta medida redundaría no desenvolvemento económico da zona urbana da contorna, como xa ten sucedido nas outras áreas urbanas que se teñen peonalizado previamente. Este foi o caso por exemplo da rúa do Cardeal, que a pesar da resistencia inicial dalgúns sectores, a día de hoxe ningúén discute os beneficios da súa peonalización, nin podemos imaxinar unha volta atrás.

Tamén nas cidades da nosa contorna se ten optado pola protección do patrimonio e gañar espazos para mobilidade peonil sostible, como por exemplo Ourense, onde xa se cerrou ao tránsito de vehículos a súa ponte romana hai moitos anos ou Pontevedra, recoñecida internacionalmente polo seu modelo peonil.

Creamos que esta corporación municipal non pode deixar de comprometerse na conservación do patrimonio para as xeracións futuras ao tempo que avanzamos na peonalización e modernización da nosa cidade .

Por todo isto, o grupo municipal espertamonte!:

- Insta ao equipo de goberno do Concello de Monforte a Peonalizar a Ponte Medieval, pechándoa ao tránsito motorizado, co compromiso de cumplir esta medida nun prazo de 3 meses a partir da aprobación desta moción."

Tralas intervencións regulamentarias, o Pleno, por un voto a favor (Grupo de Esperta Monforte), once votos en contra (Grupos Socialista e do PP) e cinco abstencións (Grupo do BNG), adopta o seguinte

ACORDO

Non aprobar a moción do Grupo municipal de Esperta Monforte para peonalizar a ponte medieval de Monforte de Lemos.

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que le a moción.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que somos tan defensorres do patrimonio como o que máis. Trouxemos a este Pleno a limpeza da *Pleno da Corporación*
Sesión ordinaria do 14.02.2016

ponte, o seu mantemento, e preocúpanos o impacto do tránsito rodado. A moción non formula o que lle gustaría que fosse, vai máis alá. Sería complicado prescindir da Ponte Vella para a comunicación. Conscientes da bondade da peonalización, somos conscientes do que sería implementalo no prazo da moción. Non o vemos viable, non podemos apoiar esta iniciativa.

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que di que podían concordar no espírito, debería ser peonil a Ponte Medieval, pero coinciden cos problemas indicados pola portavoz do PP. Había un compromiso dunha ponte nova, pero temos o que temos. Parécenos prematuro, tal como está a moción, non podemos apoiala. Se o formula como meta final, nese prazo poderíase facer un estudio serio de reorganización do tráfico. Coincidindo na necesidade de preservar un monumento, non podemos prexudicar persoas e negocios desa zona da cidade.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que é un monumento que require atención e coidado. Xa hai dez anos que formulou isto o actual Alcalde. Tampouco hai a unha emerxencia para o dos tres meses. Neste momento, estamos co Plan Especial do casco histórico, é conveniente esperar á súa aprobación. Non é este o momento preciso. Antes de pechalo ao tráfico, hai que estudar o impacto que causaría na comunicación dos cidadáns. Están afectados o IES Daviña Rey, o Centro de Saúde, incluso o Hospital Comarcal. Faltan estudos e ver que di o Plan Especial. Peonalizar, si, pero hai factores a ter en conta.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que recoñecen os outros Grupos a necesidade, pero din non á moción. Se é por problemas de distancias, en Ourense son maiores e peonalizouse a Ponte Romana. Se fan falta estudos e reorganizar o tráfico, a competencia é municipal e pode afrontalo o Concello. Estamos querendo quedar ben. Se non pomos prazo, queda sen facer, pódese ampliar a catro ou cinco meses, pero ten que haber prazo. En Pontevedra, o Alcalde peonalizou todo e os comerciantes recoñecen que animais eran cando estaban en contra. A poboación é maioritaria a favor da peonalización, nas redes sociais en nunha enquisa de “La Voz de Galicia”. Hai que ser valentes, non se collen troitas coas bragas enxoitas. O Alcalde era valente cando estaba na oposición, ten que selo agora.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que o problema non é reordenar o tráfico, senón que hai poucas pontes. Explica as voltas que habería que dar, supón cambiar 500 metros por 3 kilómetros. O patrimonio é importante, pero non temos infraestrutura alternativa. A xente vive, desprázase, móvese. Cando o actual Alcalde o propuxo, houbo oposición dos veciños. Non se pode peonalizar sen dotar unha posibilidade alternativa.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que está de acordo co de Pontevedra e Ourense –nesta, antes de peonalizar a Ponte Vella, fíxose a Ponte do Milenio-. O que debería esixir é o estudio para ver posibilidades. Se mantén o texto, non podemos estar a favor. Pida un prazo razonable para un estudio.

De D. Iban Torres Rodríguez, que di que se mullan no que fai falta. Formula todo como cuestión de valentía, sen alternativas. Coidado co sentido épico da vida, para non

afastarse da realidade. Vostede quere cumplir a súa promesa electoral, pero falta sentido común, poñer un cadeado á ponte sen dar alternativa. Se algún día goberna, coidado co que fai. Por que tres meses? En cuestión de valentía, sentido común: non cousas sen alternativa. Voto en contra.

De Dna. Maribel García Díaz, que reitera –xa ve que non lle gustou nada o comentario ao anterior interveniente- que é cuestión de valentía. Non me gusta prohibir, pero hai condutas que si. O estudo é un traballo do equipo de governo. Unha ponte nova, é bo, ningúén o discute; pero tal e como está Monforte, é factible a peonalización. Rebate o itinerario da portavoz do PP. Non hai proxecto de cidade, esa é a cuestión. Todo o demais, son parches.

13. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA SOLICITARLLLE AO EQUIPO DE GOBERNO QUE SE DIRIXA Á SUBDELEGACIÓN DO GOBERNO PARA SOLICITAR UNHA REUNIÓN URXENTE DA MESA DE SEGURIDADE E EMISIÓN DE INFORME TÉCNICO.

(No debate deste asunto, auséntanse e reincorpóranse Dna. Julia Rodríguez Barreira, D. Manuel Jesús López Sánchez, Dna. Marina Douton Rajo, D. José Luis Losada Fernández e Dna. Pilar Espinosa Novelle).

Polo Sr. Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base ao que resultou do ditame e cunhas modificacións introducidas tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“Aínda que a nosa cidade é tranquila, estanse a producir, de xeito ocasional, pelexas e liortas nas zonas de ocio sobre todo durante as fins de semana, como a acontecida, por exemplo, na pasada noite de Fin de Ano co resultado de varias persoas feridas, unha delas de gravidade, ademais dos actos vandálicos que en ocasións se rexistran.

É sabido que a competencia en materia de Seguridade Cidadá lle corresponde á Policía Nacional e que, segundo as informacíons aparecidas nos medios de comunicación, durante a devandita noite de Fin de ano soamente había dous axentes de servizo para toda a cidade, a pesar de que o cadre de persoal dispoñible é de máis de 30 persoas.

Ao noso entender durante as noites das fins de semana e en días de maior afluencia de xente nas rúas, como pode ser durante as Festas Patronais ou mesmo a noite de Fin de Ano, debería de existir un dispositivo de seguridade cun número maior de efectivos e ademais contar con persoal dispoñible ao que se lle poida avisar ante posibles incidentes, mesmo por propia seguridade dos axentes de servizo, como é habitual noutras cidades, nas que, en datas de especial risco, a presenza policial se reforza.

Parece un contrasentido que en cidades como Monforte, se proceda a instalar unhas xardineiras na rúa Cardeal por seguridade cidadá ante un posible atentado yihadista e por outra banda só se conte cun dispositivo de seguridade claramente insuficiente na rúa

nunha data como é a noite de Fin de Ano, na que é previsible que poidan presentarse problemas serios de seguridade.

En consecuencia, o Pleno da Corporación municipal, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

- 1) Solicitarlle ao equipo de goberno que se dirixa á Subdelegación do Goberno da nosa provincia para solicitar unha reunión da Xunta Local de Seguridade onde se analicen os posibles defectos técnicos do dispositivo de seguridade durante a noite de Fin de Ano, e se emita un informe onde se especifique se esta cobertura con dúas persoas de garda, habendo máis de 30 efectivos no cadro de persoal da Comisaría de Monforte de Lemos, se considera normal.
- 2) Solicitarlle ao equipo de goberno que proceda a convocar as prazas necesarias do Corpo da Policía Local para dar cobertura ás baixas existentes e así poder colaborar na Seguridade Cidadá ante posibles incidentes e elaborar as quendas dos traballadores con persoal suficiente.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que le a moción, retirando o punto 2 dos acordos da mesma, que dicía o seguinte: “*Solicitarlle ao equipo de goberno que se dirixa ao Ministerio do Interior para facer as xestións necesarias para coñecer en que estado se atopa a nova ubicación da Comisaría de Policía Nacional.*” Por outra banda, no punto 1, “Xunta Local de Seguridade” substitúe a “Mesa de Seguridade”, que é o que dicía inicialmente a moción.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que queda á espera de que o Sr. Alcalde lle conteste sobre a reunión que tivo co Comisario de Policía.

De D. Emilio Iván Vázquez Rodríguez, portavoz suplente do Grupo do PP, que di que esta é unha cidade tranquila, pero con episodios a ter en conta, e dáse o caso de haber carencia de efectivos. De acordo coa reunión da Xunta Local de Seguridade, aínda que non vemos a urxencia. (No punto 1 do acordo da moción pon “reunión urxente”). Tamén é necesario o da Policía Local, unha vez publicada a Oferta de Emprego Público de 2016. Se retiran a urxencia, a favor.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que están a favor. Monforte é efectivamente tranquila, cun índice baixo de delincuencia, pero non hai que baixar a garda. A baixa protección non se ve só na rúa, afecta tamén a quien está no domicilio. Hai que examinar e establecer pautas de despregamento operativo. Sobre o punto 3 –que pasou a ser 2-, xa están as Bases para Oficial da Policía Local, despois virán tres prazas de Policía Local. Votamos a favor.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que non só no San Mateo, ou en fin de ano, de novo o 8 de xaneiro a Comisaría estaba baixo mínimos. Por iso, solicitamos información. Non hai problema en retirar “urxente”. Hai casos puntuais, áinda que a cidade é tranquila, están os actos vandálicos, nos que unha dotación insuficiente afecta á propia seguridade dos axentes, dous fronte á liorta de fin de ano. Retiramos a palabra “urxente”. Sobre as prazas da Policía Local, xa se nos aclarou na Comisión Informativa. Agradecemos a votación.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que cando viu a moción, viu unha foto do Alcalde respecto ao incidente habido. (Dille o Sr. Alcalde que a reunión foi por traslado do Comisario a Vigo e veu despedirse, para nada se falou do incidente).

De D. Emilio Iván Vázquez Rodríguez, que di que apoian a moción, unha vez retirado “urxente”.

De D. Iban Torres Rodríguez, que di si a moción, con esa modificación.

De Dna. Pilar López Martínez, que agradece a votación favorable.

14. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA SOLICITARLLLE AO EQUIPO DE GOBIERNO QUE SE DIRIXA Á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA PARA QUE REVISE E MODIFIQUE O PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLE DE CALEFACCIÓN TIPO C PARA OS CENTROS EDUCATIVOS.

(No debate deste asunto, auséntase e reincorpórase D. Iban Torres Rodríguez).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“No DOG número 69 do día 12 de abril de 2016 a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria publica unha resolución da Secretaría Xeral Técnica desta consellería pola que se anuncia a licitación por lotes, mediante procedemento aberto suxeito á regulación harmonizada, da contratación documentalmente simplificada da subministración sucesivo de combustible de calefacción gasóleo tipo C para os centros educativos dependentes desta Consellería, mediante un acordo marco con varios empresarios (EXPEDIENTE ED-2/2016 AMSU).

Este contrato ten como obxecto que os centros educativos poidan beneficiarse, supostamente, dos aforros da contratación centralizada.

No caso da nosa cidade e comarca inclúense varios centros educativos, tal como se pode comprobar na propia páxina web do portal educativo,(achégase copia, entendemos que se trata dun erro o feito de ter esquecido o CEIP A GÁNDARA nesta listaxe) para a comarca de Terra de Lemos sae adxudicataria unha empresa con sede fiscal en Lugo,

Jesús López Somoza, S.L. e que tamén resulta adxudicataria doutros lotes como son: Abadín, Baamonde, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Pastoriza, Guitiriz, Vilalba, Muras, Xermade, Sarria, Incio, Láncara, Paradela, Páramo, Triacastela, Meira, Pol, Riotorto, Chantada, Carballedo, Taboada, Lugo concello, Alfoz, Burela, Foz, Lourenzá, Mondoñedo, O Valadouro, Baralla, Becerreá, Cervantes, Navia de Suarna, Pedrafita do Cebreiro, etc....

Dende o noso punto de vista, este procedemento de contratación é notablemente prexudicial economicamente para a nosa cidade e comarca por varias razóns:

1. O consumo de gasóleo de calefacción que ata o de agora os centros educativos consumían e mercaban a gasolineiras da cidade do Cabe, agora están obligadas a mercarrollo a esta empresa foránea co grave perxuízo para as empresas monfortinas deste sector.
2. As empresas monfortinas non foron convidadas a participar no procedemento polo que non se enteraron do mesmo e así non puideron ofertar o seu servizo.
3. Para os centros educativos trátase dun procedemento moito más farragoso ca antes xa que deben de solicitarlle orzamento e agardar ata 3 ou 4 días a que lles sirvan o gasóleo dende o momento en que o solicitaron, co conseguinte risco de non teren calefacción no caso de se quedaren sen combustible. Cando de ser cunha empresa de Monforte, en caso de urxencia, terían o servizo en escasamente 1 hora.
4. E o que, se cabe, é aínda máis grave é que non existe ningún tipo de aforro económico para os centros educativos, xa que en varias ocasións os centros educativos teñen comprobado o prezo de mercado no momento de solicitar o gasóleo C e é o mesmo, tanto en Monforte como na empresa de Lugo antes mencionada.

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, por doce votos a favor (Grupos do BNG, Socialista e de Esperta Monforte) e cinco votos en contra (Grupo do PP), adopta o seguinte

ACORDO

Solicitarlle ao equipo de goberno que se dirixa á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para que revise e modifique este procedemento e contratación da subministración de combustible de calefacción Tipo C para os centros educativos para non prexudicar as empresas locais monfortinas e darles un mellor servizo aos centros educativos.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que le a moción.

(Non intervén a portavoz do Grupo de Esperta Monforte).

De D. Emilio Iván Vázquez Rodríguez, portavoz suplente do Grupo do PP, que di que é certo que antes cada Centro decidía. Agora, dentro do pacto local, o que antes era dos Concellos e pasou á Consellería de Cultura e Educación, que supón oito millóns de litros de gasóleo ao ano, contrátase segundo a Lei de Contratos do Sector Público. A subministración faise cun acordo marco con varios subministradores, a licitación ascende a un total de cinco millóns de euros, o procedemento foi aberto e suxeito a regulación armonizada. Para cada lote, cóllese a mellor oferta, que sexa igual ou ata tres céntimos menor do prezo de referencia. Cada Centro educativo pide ofertas a tres empresas seleccionadas, a empresa responde en tres días, o Colexio escolle e en 48 horas ten a subministración. Non se debe deixar esgotar o tanque, para evitar problemas. Hai unha penalización, se en 48 horas non se fai a subministración. Coincidimos no espírito respecto ás empresas monfortinas, pero dende a legalidade, incluso se as favorece, porque a de Monforte pode chegar a outras comarcas. En Monforte só se presentou un subministrador. Consideramos que se está favorecendo ás empresas, ao mellor non lles interesou.

De Dna. Marina Douton Rajo, portavoz suplente do Grupo Socialista, que di que o Grupo parlamentario do seu partido preguntou sobre isto o 7 de decembro. O procedemento foi negociado sen publicidade, en 70 lotes, non teñen coñecemento do ofertado en Monforte. Hai un sobrecusto que vai contra o principio de aforro, porque se podería acadar mellor prezo. A espera é de días, o que non pasaría se se subministrase dende Monforte.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que o procedemento sería aberto, pero as empresas non están pendentes do procedemento. Hai dificultade para invitar a todas, pero hai que ter callo para dicir que se apoia ás empresas locais. Levouno case todo a empresa López Somoza, de Lugo. Feijoo, hoxe día dos namorados, dixo que están namorados do rural. Antes, cada un subministrábase no seu lugar. Compararon en Monforte a empresa de Lugo co provedor habitual, o aforro é cero patatero.

(Non intervén a portavoz do Grupo de Esperta Monforte).

De D. Emilio Iván Vázquez Rodríguez, que di que o contrato da Consellería ten un nivel xeográfico amplio. 67 Concellos dixo o BNG que foron para López Somoza, o convenio marco obriga a axustarse a el, hai sitios con tres empresas seleccionadas. Respecto aos tanques, non todos poden ter perdas, e se as teñen, hai que sabelo. Non houbo invitación a empresas, saíu no DOG e no DOUE. Reafirmámonos, é beneficioso para as empresas de Monforte, poden ofertar noutras zonas.

De Dna. Marina Douton Rajo, que di que desde novembro, ve queixas nos colexios de Galicia, o que foi trasladado ao Grupo parlamentario, que presentou a iniciativa. Pódese estar pendentes, pero tamén se pode avisar ás áreas de servizo. Os tanques non perden gasóleo, as medidas miden daquela maneira.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que o lote 39 -o de Monforte- só ten a empresa de Lugo, o mesmo os lotes 36, 37 e 30. De 67 Concellos, esa empresa leva 42. Os tanques non é problema que perdan, é que non teñen medidores, e á empresa hai que dicirlle o que subministra. O gasto non o aboa a Consellería directamente, senón os Colexios aos que se lle asigna. Hai mellores procedementos, cun prezo límite, por exemplo. Afectou o pacto local ao combustible? Non é o mesmo primaria que secundaria. Algunha subministración ainda a paga o Concello.

15. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE INCUMPRIMENTOS DE AQUALIA, PARTICULARMENTE SOBRE A NON APPLICACIÓN DA POTABILIZACIÓN CON OZONO NA NOVA ETAP.

(No debate deste asunto, auséntanse e reincorpóranse Dna. Gloria Prada Rodríguez e D. Manuel Jesús López Sánchez).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Régime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.- É sabido que a explotación do servizo público municipal de abastecemento e saneamento do Concello de Monforte de Lemos, foi obxeto de concesión administrativa, resultando adxudicataria de ambos a empresa Seragua, -hoxe AQUALIA- con arreglo aos pregos de condicións e á oferta da empresa según acordo plenario de 30.4.2001.

2.- E sabido que este grupo ten formulado infinidade de iniciativas relacionadas con que se lle esixa a esta concesionaria o cumprimento do contrato ao que ven obrigada a empresa, na maior parte dos casos, de maneira infrutuosa.

Os incumprimentos son de todo tipo..., en materia de localización e eliminación de fugas, en materia de eliminación de verquidos, de limpeza de sumidoiros, de execución das melloras que tiña comprometidas, de reparación de averías, etc.

Pero sobre todo o mais gravoso para todos los veciños ten sido o incumprimento das obrigas establecidas nos arts. 25 e 26, do prego de condicións, cando sinalan: **art. 25: “las obras e instalaciones que reciba el concesionario deben adecuarse en cada momento a las exigencias que implique la correcta prestación y gestión del servicio, corriendo a expensas del concesionario cuantos gastos se deriven de dicha adecuación”**

E o art. 26.4, cando sinala: “Las obras de mantenimiento y conservación de conducciones e instalaciones, así como las de renovación y/o sustitución de conducciones e instalaciones deterioradas o averiadas serán del cuenta del concesionario”

E evidente que o longo dos anos as conduccións se foron deteriorando e averiando sin que se procedese á renovación e sustitución de conduccións, de maneira que se

adecuaran en cada momento as esixencias da correcta prestación e xestión do servizo, como obrigaba o contrato.

De feito cando algunha das renovacións se ten producido foron financiadas polo concello ou por outras administracións, ou mesmo teñen sido consideradas indebidamente como inversións da concesionaria polo anterior equipo de goberno, pretendendo o actual Alcalde sostener esa consideración na proposta de acordo que trouxo a este pleno e que era claramente favorable para a empresa.

Non é a primeira vez que o Concello soporta actuacións que corresponden á concesionaria; así aconteceu coa obra do abastecemento na rua Corredoira e adxacentes; soportando así cantidades cos recursos de todos os monfortinos, que en realidad deberían ser soportados pola concesionaria, como revela o informe emitido pola intervención municipal no seu día sobre este particular.

Son moitos por tanto, os exemplos donde a concesionaria Aqualia ten incumprido o seu contrato e o ten feito con aquiescencia do Concello que miraba para outra parte.

3.- Unha consecuencia gravísima deses incumplimentos, foi o agotamento da ETAP de Ribasaltas, que trataba unha media de 11.000 m³ diarios de auga, cando as necesidades dos usuarios se situaban entre os 5.000 m³ diarios.

A falta de actuación en canto a localización e eliminación de fugas e sustitución de conducción deterioradas, que ocasionaba pérdidas de cantidades inxentes de auga polo mal estado da rede, non só ocasionaba un defectuoso servizo os cidadans, que vían como en determinadas épocas non tiñan presión de auga suficiente, ou mesmo carecían dela. Tamén provocou consumos excesivos que terían sido innecesarios si se tivera actuado na rede, eliminando as fugas que presentaba, ou sustituindo os tramos deteriorados. As consecuencias deses incumplimentos deron lugar a que por agotamento, a potabilizadora tivera que ser sustituida por outra, o que foi acometido por medio de un convenio entre a Xunta de Galicia, Aquae e o propio Concello, formalizado o 28 de maio de 2010 con un orzamento de mais de 6 M €.

4.- A potabilizadora, que se inaugurou en febrero de 2014, conta con unha serie de melloras, duas líneas independientes, con predesbaste, **oxidación mediante ozono**, axuste de ph, decantación lamelar, filtración a presión bicapa en arena e antracita, desinfección final mediante ultravioletas e hipoclorito sódico, etc.

A primeira incidencia foi que a concesionaria mantivo en funcionamento a potabilizadora vella, durante meses inda que estaba dispoñible a nova potabilizadora.

O último episodio relacionado cos incumplimentos desta concesionaria, é que transcurridos tres anos dende que fora inaugurada a nova potabilizadora, vimos de saber que a concesionaria non puxo en marcha a potabilización mediante ozono ata fai 15 días.

A potabilización con ozono ofrece importantes vantaxes para a saude fronte ao cloro, polo risco deste último de producir cloraminas, altamente cancerígenas, o que obriga a manter un control exhaustivo dos seus niveles.

Todos recordamos un importante verquido de cloro ao río Cabe producido despois da suposta posta en funcionamento da nova potabilizadora, o que xa entón nos puxo na sospeita de que non se estaba a empregar ozono, explicando a concesionaria, que se trataba dun feito aislado.

O concello de Monforte, ten aprobado un incremento no custe anual do servizo de 180.000 € correspondentes aos custos da nova potabilizadora. Estívose pagando por un

servizo, que non se estaba prestando, por unha calidade de auga que non estivo a disposición dos veciños.

5.-Esta é a enésima vez que se producen abusos e incumplimentos por parte da concesionaria sin que o Concello faga nada para controlala, requerila de cumprimento e determinar os efectos económicos dos mesmos.

Temos aprobado acordos plenarios para que se lle esixa a concesionaria dilixencia na reparación das avarías, como impón o contrato, e nembargantes na rúa Armando Cotarelo existe un burato consecuencia dunha avaría que leva abierto dende o mes de agosto.

Temos aprobado acordos plenarios para que manteñan limpos os sumidoiros das rúas para evitar danos os veciños. Nembarquantes, nestes días de choiva, houbo múltiples queixas de veciños pola falla de limpeza dos sumidoiros que impedían desaguar axeitadamente, convertindo algunas rúas en auténticos ríos.

Queda a vista que o cambio no equipo de goberno desta cidade, non ten representado cambio algúun no nulo nivel de esixencia á concesionaria Aqualia, no que atinxe ao cumprimento das suas obrigas.

Por todo o anterior, o Pleno da Corporación, por once votos a favor (Grupos do PP, do BNG e de Esperta Monforte) e seis votos en contra (Grupo Socialista), adopta o seguinte

ACORDO

INSTAR O EQUIPO DE GOBERNO:

1.-A requerir á concesionaria do servizo de abastecemento de auga e saneamento, -AQUALIA-, para que cumpra o contrato ao que ven obrigada nos seus propios términos, no que corresponde a limpeza de sumidoiros, eliminación de verquidos, reparación de avarías etc., e concretamente, os referidos no corpo deste escrito.

2.- A incoar os expedientes sancionadores que procedan no caso de que a concesionaria, manteña a sua atitude incumpridora, respecto das obrigas recollidas no contrato que a vincula.

3.- A determinar os efectos económicos dos incumplimentos da concesionaria, nos termos que xa se ten instado e aprobado en plenos anteriores.

4.- A cuantificar os efectos, -entre outros, económicos-, de que non se teña posto en funcionamento a potabilización con ozono, durante os últimos 3 anos, e formular a reclamación que resulte procedente, en relación o incremento do custe que estivo soportando o Concello, por un servizo que non se ten prestado.

5.- A poñer en funcionamento, e manter, todalas melloras que ofrece a nova E.T.A.P de Ribasaltas, dirixidas a prestar un mellor servizo e unha mellor calidade da auga aos usuarios, entre outros, a potabilización con ozono.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que fai unha exposición seguindo o que pon a moción. É unha sucesión de despropósitos. Fun onde o Secretario buscar o informe de ACUAES sobre a ETAP e non o atopaba. Este Grupo non ten ese informe: ten a información, que é pública, non suxeita a protección de datos. Repasa os cinco puntos do acordo da moción. É un asunto grave, o Alcalde trouxo o acordo coa empresa cando coñecía estes incumplimentos.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que está a favor do cumprimento deste e doutros contratos. Ardo en desexos de coñecer as explicacións do Alcalde.

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que lle pregunta á portavoz do PP como obtivo –a quen se dirixiu- para a información. Sobre os cinco puntos do acordo, nada en contrario, coa posibilidade de ozonización na potabilizadora –o ozono, non obstante, non quere dicir que non haxa tamén cloro-. Acláreme a quen teño que dirixirme.

Do Sr.Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que di que a obriga de calquera gobernante é mirar para adiante e tratar de solucionar. Non estou para mirar para atrás. O 25 de maio de 2015, os votos dos veciños non foron para facer desfeita do anterior. Vostedes –PP- crearon o problema de Aqualia, que quince anos despois seguimos padecendo. Pensa que isto é un graneiro para vostede, pero o gran non é limpo. Está obsesionada con Aqualia, que é fillo seu. Ten tal obcecación, que mente coa mesma tranquilidade coa que respira. Engana cando di que calquera pode ter o informe de ACUAES, iso é mentira, encarguei á Técnica de Servizos e en Oviedo o técnico que elaborou o informe dixo que non había informe sen permiso da xefa. A xefa foi concelleira do PP en Oviedo. Utilizou vostede unha compañeira de partido para un documento de ACUAES, que se usou nunha reunión de traballo. Non entrou por rexistro, como tampouco antes entraban. A finais de 2016, o Director Xeral territorial de ACUAES chamou para unha reunión, explicando quen participan por ACUAES. Polo Concello, imos o Alcalde e o Técnico de Urbanismo, non estaban nin o Concellerio nin a Técnica de Servizos. Aportan un informe de ACUAES como documento de traballo. Cando volveu a Técnica de Servizos, facilitouselle para unha nova reunión. Dígalle á Xefa territorial que o mande oficialmente, en lugar de traello a unha reunión.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que os veciños non lle dixerón que mirara para atrás, pero non lle encargaron que mirara para outro lado, como se vostede non estivese cando todo o que pasou. Ten que explicar por que mira para outro lado. En 2003, nos primeiros meses houbo vontade de reclamar á empresa, despois desaparecerá a oferta e nunca máis. Vostede fai unha obra que lle correspondía á empresa. Mentir? E vostede que non viu nada? Que defende vostede co acordo que trouxo? Non ten a Técnica de Servizos o teléfono directo de Dna. Isabel, de ACUAES?

De Dna. Maribel García Díaz, que di que é un guiso de moitos anos, non que non participou quen fala.

De Dna. Pilar López Martínez, que volve reclamar á portavoz do PP se lle informa como pedilo.

Do Sr. Alcalde, que di que intentou unha solución. Calquera veciño pode chamar: non é verdade. Na reunión do 10 de outubro na potabilizadora, víronse os incumplimentos a corrixir. Están corrixidas as deficiencias. Mentre vostede culpa aos demais dos problemas que crearon, eu trato de solucionar. En ano e medio: saneamento, hospital, iluminación, polígono industrial, plan especial, saneamento do Porto Seco, Plan de vertidos, están pendentes acordos para financiar outras tres obras. Algo é. Vostede é do partido que goberna no Estado e en Galicia, a ver que fai. Nós temos que votar en contra.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que ACUAES é a última responsable da potabilizadora. As opcións para informarme eran Aqualia, Alcalde e ACUAES. Fun a esta última opción. Na nosa moción non hai referencia ao informe porque non o coñeciamos. Ese informe tiña que ter constancia rexistral. Que a Técnica clarexe se o tiña ou non. Se quixese resolver, xa tiña reclamado. Despois, se hai sentenza, a culpa será da oposición. Non me veña dar leccións, porque vostede calou e mira para outro lado.

PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

16. DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resoluciós das que se dá conta: 19.12.2016 a 02.02.2017.

O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, dá conta de Resoluciós adoptadas no período comprendido entre o 19 de decembro de 2016 e o 2 de febreiro de 2017.

17. INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (de 23.12.2016, dúas de 30.12.2016 e de 23.01.2017) QUE LEVANTAN REPAROS DE INTERVENCIÓN (art. 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais).

A efectos de cumplir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta específicamente das Resoluciós que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

18. ROGOS E PREGUNTAS.

1º) PREGUNTA FORMULADA POLO GRUPO DO PP NO PLENO ANTERIOR SOBRE UN TROFEO DE JUDO CELEBRADO NO BARCO E NON EN MONFORTE.

Resposta do Sr. Alcalde: (dá lectura ao que lle informa o Técnico de Deportes)

“O Alcalde do Concello de Monforte mantén unha reunión con Alberto Vázquez, profesor de Judo que reside no Barco de Valdeorras e que presta os seus servizos no colexio PP Escolapios como adestrador de Judo en horario extraescolar. Alberto fai unha proposta, inicialmente non cuantificada económicamente, para celebrar unha xuntanza de judo entre escolares do Colexio PP Escolapios de Monforte e do Barco de Valdeorras e que sería organizada pola **Agrupación Deportiva Miguelito**.

A **Agrupación Deportiva Miguelito** é unha entidade deportiva con domicilio social no Concello da Coruña que, entre outros obxectivos, se centra na promoción do judo entre os máis cativos.

No momento de concretar a colaboración, a A.D. Miguelito nos pasa un orzamento por importe de 1.497,00 € en concepto de transporte de tatamis, desprazamentos, almorzo dos mestres e medallas, ademáis de poñer a disposición o Pavillón Polideportivo Municipal e o persoal correspondente. Dende o Concello de Monforte valoramos esa colaboración, concluímos que non é posible asumir o importe total da mesma e nos poñemos en contacto con Alberto Vázquez para ver de que maneira poderíamos buscar unha colaboración de menor contía, dada a imposibilidade nese momento de asumir o custo total, co fin de poder levar a cabo a actividade. Unha vez que falamos con Alberto nos comenta que para poder levar a cabo a xuntanza precisan cubrir a contía total da colaboración proposta. E é nese momento no que se conclúen os contactos dado que o Concello de Monforte non pode asumir todas as pretensións de colaboración que demandaba a A.D. Miguelito, non sen antes emprazarnos a retomar os contactos no futuro e poder valorar novamente as posibilidades de organizar a xuntanza en Monforte en vindeiros anos.

Son moitas as actividades que o Concello de Monforte organiza ó longo do ano, e coas que tamén colabora, que teñen como obxectivo promocionar o deporte de base. A xuntanza proposta pola A.D. Miguelito por suposto que ten interese, pero como de igual xeito o teñen os campionatos e actividades que organiza o Club Taekwondo Neka, O Club Ximnasia Rítmica Quicela, o Club de Fútbol Monforte ou o Club de Voleibol Ribeira Sacra, entre moitos outros, e que non teñen outro obxectivo que promocionar o deporte de base.”

2º) PREGUNTAS PRESENTADAS POR REXISTRO POLO GRUPO DO BNG O DÍA 13 DE FEBREIRO DE 2017.

“PREGUNTAS:

1.- Con respecto á potabilizadora da ETAP de Ribasaltas o pasado domingo, día 12 de febreiro de 2017, saíu nos medios de comunicación a existencia dun informe sobre unha inspección levada a cabo polo Ministerio de Medio Ambiente na propia potabilizadora e que detecta determinadas deficiencias.

Por este motivo, e dado que descoñecemos a verdade neste tema, gustaríanos saber:

Se coñecía ou non a existencia dese informe? En caso afirmativo, dende cando o coñece? Que fixo ao respecto?

2.- Nos últimos meses tense levado a cabo o reasfaltado da rúa Benito Vicetto e posteriormente comezouse a pintar a sinalización na propia rúa, pero dado que leva xa aproximadamente un mes sen rematar de pintar os 3 pasos de peóns existentes na rúa, queremos saber:

Por que non se remata de pintar na súa totalidade os 3 pasos de peóns da rúa Benito Vicetto, así como unha praza reservada ao Bus escolar a ambos lados que xa existían con anterioridade?"

Respostas do Sr.Alcalde:

1.- Na Comisión de Seguimento, hai dous representantes de ACUAES, dous da Xunta e dous do Concello. A reunión ten lugar dúas veces ao ano. En ano e medio, eu só estiven nunha. ACUAES levanta acta. Entérome dese informe o 5 de outubro, como un documento máis. O que fixemos foi reunirnos coa empresa, mirar as circunstancias, corrixir as deficiencias.

2.- Parouse de pintar, porque o Director de obra, Felipe Fontecha, fixo un acta de suspensión das obras pola humidade, non callaba ben a pintura. Cando se decida retomalas, pintarase.

3º) PREGUNTA PRESENTADA POR REXISTRO POLO GRUPO DO PP O DÍA 13 DE FEBREIRO DE 2017.

“PREGUNTA DEL G.M. PARTIDO POPULAR SOBRE LA RECLAMACIÓN A LOS IES DE LA CIUDAD DE LA TASA DE BASURA CORRESPONDIENTE A VARIAS ANUALIDADES.

1º Este grupo municipal ha tenido conocimiento de que se han dirigido recientemente reclamaciones a los IES de la ciudad de la tasa de basura correspondiente a varias anualidades ya vencidas, cuando nunca antes se le había girado tasa alguna en ese sentido. En algún caso, la tasa se aproxima a los 5000 € desde 2012 a 2016.

También se ha tenido conocimiento de algún centro escolar, en que la tasa se vio incrementada de modo muy importante últimamente, sin que se hayan producido variaciones en la superficie del inmueble destinada a usos educativos.

2º También se han recibido quejas de vecinos particulares a quien se le han girado igualmente las tasas correspondientes a las cuatro últimas anualidades, sin que se le hubiese dirigido reclamación alguna en la anualidad correspondiente.

3º Estas actuaciones revelan deficiencias en la actuación del ente local, que pueden generar graves inconvenientes a estos centros y también a particulares, que deben afrontar cantidades importantes, en un corto período de tiempo con los inconvenientes que eso puede representar.

La pregunta que se formula es:

1.- ¿CUÁL ES ES LA RAZÓN POR LA QUE SE HAN PRODUCIDO ESTAS INCIDENCIAS?

2.- PORQUÉ SE RECLAMAN AHORA CANTIDADES QUE NUNCA ANTES SE RECLAMARON? EXISTÍA ALGÚN ACUERDO CON LOS IES EN ESE SENTIDO?

3.- Y SI NO SE CONTEMPLABA SU EXENCIÓN ANTES EN LAS CORRESPONDIENTES ORDENANZAS, PORQUÉ NO SE RECLAMARON EN LA ANUALIDAD DE DEVENGO CORRESPONDIENTE?

4.- TENIENDO EN CUENTA QUE SE TRATA DE CANTIDADES ACUMULADAS QUE SE GIRAN EN ESTA ANUALIDAD, OCASIONANDO GRAVES PERJUICIOS A LOS IES AFECTADOS, DADO QUE SE RECLAMARON A FINAL DE AÑO, CUANDO YA HABÍA SIDO PRÁCTICAMENTE CONSUMIDO EL PRESUPUESTO ANUAL DE LOS CENTROS AFECTADOS. Y TENIENDO EN CUENTA QUE ESTA SITUACIÓN SE PRODUCE COMO CONSECUENCIA DE UNA DEFICIENTE ACTUACIÓN DEL ENTE LOCAL ¿TIENE PREVISTO EL AYUNTAMIENTO ADOPTAR ALGUNA MEDIDA, PARA PALIAR EN LO POSIBLE LOS EFECTOS DE ESTA DECISIÓN PARA ESTOS CENTROS?"

Resposta do Sr.Alcalde: (dá lectura ao informado polos servizos económicos)

1.- Segundo establece o artigo 2 da Ordenanza da Taxa pola Recollida, Tratamento e eliminación do Lixo constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de recepción obligatoria da recollida de lixo domiciliaria e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamento e locais de establecementos onde se exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos.

Este servizo, que ten a consideración de esencial para a vida social dos cidadáns, é de carácter xeral e de recepción e uso obligatorio, para calquera vivenda, local ou/ e establecemento que estea situado nos sitios onde se preste efectivamente o servizo, así que a non utilización do servizo non exime a obriga de contribuír.

2.- Segundo establece o artigo 3 desta Ordenanza son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais ubicados nos lugares, prazas ou vías públicas nas que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufructuario, habitacionista, arrendatario ou incluso de precario

Terán a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais, que poderán repercutir no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios de aquelas, beneficiarios do servizo.

Así pois, en base aos devanditos artigos a XUNTA DE GALICIA (S1511001H) propietaria dos inmobilés 2393301PH2029S0001OJ sito na rúa Doutor Casares, 63 (INSTITUTO DAVIÑA REI), 2695003PH2029N0001QO sito na rúa San Pedro 12 (INSTITUTO RIO CABE) e 1279011PH2017N0001GJ sito na rúa SOBER, 100 (Instituto FP Pinguela) é suxeito pasivo da Taxa pola Recollida de Lixo.

3.- Ditos Centros Educativos estiveron tributando pola Taxa de Recollida, Tratamento e eliminación do Lixo ata o mes de decembro de 2009. No exercicio 2010 entrou en vigor unha modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola Recollida, Tratamento e eliminación do Lixo que ademais de ter en conta para determinar a cota tributaria o tipo de actividade, tiña en conta a superficie dos locais.

Esta modificación implicou que se tivo que modificar a tarifa de todos os suxeitos pasivos da Taxa pola tarifa industrial/comercial aos efectos de ter en conta a actividade e a superficie.

Por un erro administrativo estes Institutos non se incluíron no novo padrón da Taxa.

4.- Non existía ningún acordo municipal, nin estaba establecida ningunha exención nas Ordenanzas Fiscais. A non inclusión foi debido a un erro administrativo”.

4º.- ROGOS PRESENTADOS POR ESCRITO POLO GRUPO DO BNG AO COMEZO DA SESIÓN.

“ROGOS:

1.- Nas últimas semanas leváronse a cabo labores de limpeza das cunetas por parte da Excma. Deputación Provincial de Lugo na estrada LU-P-3203 que comunica Monforte de Lemos con Rozabales, concretamente no tramo comprendido entre o barrio das Casas Baratas ata o Barrio Novo da parroquia de Santa Mariña do Monte e entre a parroquia de Caneda e Vilamarín, deixando parte da parroquia de Santa Mariñas en limpar. Consideramos que a limpeza das cunetas constitúe un importante elemento para a conservación da estrada, motivo polo que o BNG desexa fazer o seguinte rogo:

Que o Equipo de Goberno se dirixa á Excma. Deputación de Lugo para solicitarlle a continuación deste labor de limpeza ao longo de toda a estrada LU-P-3203 da súa titularidade para evitar os estragos no propio asfaltado así como o asolagamento de determinadas fincas e vivendas.

2.- Somos moitas as monfortinas e monfortinos que diariamente nos desprazamos pola rede viaria galega, especialmente cara Lalín ou Santiago de Compostela e polo tanto nos vemos obrigados a percorrer a estrada N-540 que no seu paso por Chantada, especialmente entre o enlace do cemiterio desta vila e o enlace co corredor rápido de Rodeiro e Lalín (aprox. Km. 53-51) está francamente deteriorado dende hai moitos anos e nin a Xunta de Galicia nin o Ministerio de Fomento fan nada para arranxala. De cando en vez, vemos algúm camión botando parches de asfalto que, o único que conseguén, é deteriorar áinda máis o devandito tramo. Por este motivo lle rogamos que se dirixa á Xunta de Galicia para solicitar que, de maneira urgente, proceda a arranxar esta vía.”

Responde o Sr. Alcalde:

Faremos estas dúas xestións. Respecto á Deputación, que se amañen as fochancas ata Rozabales.

5º.- ROGO IN VOCE FORMULADO POLA PORTAVOZ DO GRUPO DO PP:

Sra. Portavoz do PP: Que se nos faga entrega do informe de ACUAES.

Sr. Alcalde: Formalmente non está no Concello. A documentación non entrou por rexistro.

Sra. Portavoz do PP: O informe danlló. É un canle para incorporalo ao Concello.

Sr. Alcalde: Co anterior Alcalde, tampouco entraba a documentación por rexistro.

Sra. Portavoz do PP: Gustaríame preguntarolle ao Secretario se se debe incorporar. Ou é que o ten o Alcalde nun caixón da súa casa?

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo as cero horas e vinte e cincuenta e dous minutos do seguinte día, de todo o cal, como Secretario, certifíco.



Vº e pr.
O Alcalde,
[Signature]

CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS
CORRESPONDENCIA

